

# Fala Londres 10

Área de Galego do IE Cañada Blanch de Londres



## Benvidos/as

Como resultado das actividades realizadas e da Viaxe da Lingua, neste curso a optativa de galego experimentou o maior incremento de matrícula, superando os 50 alumnos/as preinscritos/as. Un dato que nos enche de orgullo e que reflicte claramente o valor das experiencias significativas no ensino das linguas.

As a result of the activities carried out and the Viaxe da Lingua, this year the Galician optional course experienced the largest increase in enrollment, exceeding the 50 pre-registered students. A fact that fills us with pride and that clearly reflects the value of meaningful experiences in language teaching.

## 12 outubro Paseo da Fama

O 12 de outubro comezamos co proxecto da temática anual. Este curso estará dedicado ás figuras máis salientables do noso país nos campos das letras, ciencias e deportes. "Paseo da fama" é o título do noso proxecto, no que percorrерemos as vidas e as achegas de grandes literatos, científicos e deportistas. Ao longo do ano, descubriremos como estas persoas contribuíron á nosa cultura, á ciencia, ao deporte, deixando unha pegada inesquecible.

On October 12th, we begin with the annual theme project. This course will be dedicated to the most outstanding figures of our country in the fields of literature, science and sports. "Walk of Fame" is the title of our project, in which we will explore the lives and contributions of great writers, scientists and athletes. Throughout the year, we will discover how these people have contributed to our culture, science and sports, leaving an unforgettable mark.



## Letters from Galicia

O Galician Film Forum (GFF) está de volta en Londres cunha proposta cinematográfica imperdible dentro do London Spanish Film Festival. Este ano, o público poderá gozar de dúas longametraxes destacadas e dunha sesión especial de curtas que poñen en valor a calidade e diversidade do cinema galego actual.

The Galician Film Forum (GFF) is back in London with an unmissable film proposal within the London Spanish Film Festival. This year, the public will be able to enjoy two outstanding feature films and a special session of shorts that highlight the quality and diversity of current Galician cinema.





# Literatura Rosalía de Castro

A nosa autora máis universal, símbolo da identidade e da resistencia cultural, merece moito máis que rúas co seu nome: merece unha estrela no noso paseo. O seu legado literario, social e humano inspirou xeracións, e segue a facelo hoxe.

Our most universal author, a symbol of identity and cultural resistance, deserves much more than streets named after her: she deserves a star on our promenade. Her literary, social and human legacy has inspired generations, and continues to do so today.

## Galicia latente

O proxecto Galicia latente toma como punto de partida o estudo-libro homónimo de Eduardo de Martís, que recolle 233 fotografías realizadas entre os anos 2020 e 2023 en 146 concellos galegos. O 27 de setembro, o alumnado de Galego en Londres tivo a oportunidade de participar nun encontro co autor, quen achegou esta visión fonda e plural da cultura galega mediante un vídeo e unha charla-coloquio. Un encontro para mirar, escoitar e sentir como Galicia late fóra das súas fronteiras.

The Galicia latente project takes as its starting point the homonymous study-book by Eduardo de Martís, which collects 233 photographs taken between 2020 and 2023 in 146 Galician municipalities. On September 27, Galician students in London had the opportunity to participate in a meeting with the author, who provided this deep and plural vision of Galician culture through a video and a talk-colloquium. A meeting to see, listen and feel how Galicia beats beyond its borders.



## Portas abertas

O pasado 17 de outubro, a Área de Galego participou activamente na Xornada de Portas Abertas do centro, un evento pensado para darlles a coñecer ás familias a nosa oferta educativa e o traballo desenvolvido ao longo do curso anterior.

As familias puideron ver as diferentes actividades e proxectos nos que o noso alumnado está implicado. Foi unha ocasión para compartir o noso traballo na promoción da lingua e cultura galegas entre toda a comunidade educativa.

On October 17, the Galician Department actively participated in the center's Open Day, an event designed to make families aware of our educational offer and the work developed throughout the previous school year.

Families were able to see the different activities and projects in which our students are involved. It was an opportunity to share our work in promoting the Galician language and culture among the entire educational community.





# Samain

O Samain representaba o final do verán e o comezo do inverno. Esta festividade era considerada o inicio do ano novo celta, unha etapa liminar na que se cría que os límites entre o mundo dos vivos e o dos mortos se esvaecían, permitindo o tránsito entre ambas realidades. Celebrámolo con calacús, disfraces e videos conmemorativos.

Samhain marked the end of summer and the beginning of winter. This festival was considered the beginning of the Celtic New Year, a liminal stage in which it was believed that the boundaries between the world of the living and the dead faded, allowing the transition between both realities. We celebrated it with calacús, costumes and commemorative videos.

# Universidade de Westminster

O pasado 21 de novembro, a profesora lucense Olga Núñez da University of Westminster visitounos con parte do seu alumnado do curso de Multilingüismo para coñecer de cerca o sistema educativo español e a aprendizaxe de galego no centro.

Tras unha breve presentación do sistema español e do proxecto Galego en Londres, o alumnado visitante puido realizar preguntas, presentar os seus proxectos e intercambiar opinións co alumnado de galego. A visita finalizou cun recital conxunto dos poemas galegos de Lorca e co video de Chove en Santiago de Luar na Lubre.

On November 21, Olga Núñez, a professor from Lugo, from the University of Westminster, visited us with some of her students from the Multilingualism course to learn more about the Spanish educational system and the learning of Galician at the school.

After a brief presentation of the Spanish system and the Galician project in London, the visiting students were able to ask questions, present their projects and exchange opinions with the Galician students. The visit ended with a joint recital of Lorca's Galician poems and the video of Chove en Santiago de Luar na Lubre.



# Nadal

No marco da nosa iniciativa máis solidaria, ademais de panxoliñas, elaboramos as tradicionais felicitacións de Nadal, que este ano tiveron un destino especial: o Centro de Acolliada Temporal de Inmigrantes de Burela e o Centro de Maiores, lugar co que mantemos unha estreita colaboración. Ambas as accións fomentan a solidariedade e a conexión interxeracional.

As part of our most charitable initiative, in addition to the Christmas cards, we also prepared traditional Christmas greetings, which this year had a special destination: the Burela Temporary Immigrant Reception Center and the Senior Citizens Center, a place with which we maintain close collaboration. Both actions promote solidarity and intergenerational connection.

